



CÍRCULO DE SILENCIO

Rede Social Galicia Sur

#CírculosDeSilencioVigo

6 de xullo

Benqueridas compañeiras e compañeiros:

O pasado 25 de xuño os medios de comunicación locais sacudíannos coa nova da aparición nun contedor de lixo no centro de Vigo do cadáver dun home de mediana idade “co perfil dun indixente”, segundo fontes policiais. Polo que parece, o home debeu sufrir unha indisposición no momento xusto en que rebuscaba no contedor.

Novas como esta remóvennos e indígnannos, probablemente porque nos amosan un reflexo desagradable do que somos como sociedade, máis aló dos fogos de artifício que políticos e mass media difunden por doquier. O certo é que estamos demasiado acostumbrados, por desgraza, a ver persoas asomadas aos colectores de lixo buscando nos nosos desperdicios o mínimo indispensable para ir tirando un día máis. Talvez nos esquecemos deseguida, talvez miramos cara outro lado procurando evitar esa imaxe acusadora, pero sabemos que seguen aí, falándonos dende o silencio, dende ese xesto que o di todo, da deshumanización da nosa sociedade.

Segundo o texto publicado en febreiro deste ano do Acordo Marco do Consello Territorial de Servizos Sociais para dar solución ao senfogarismo, este recoñécese como unha forma de exclusión social extrema que vulnera os dereitos fundamentais das persoas. En España o número de persoas sen fogar creceu nun 24,5% nos últimos 10 anos. Afecta cada vez máis ás mulleres, ás persoas xoves e ás persoas de orixe extranxeira, con crecementos respectivamente do 47,4%, o 35,4% e o 36,1%, segundo informes do Instituto Nacional de Estatística. O documento Marco que acabamos de citar recoñece que o senfogarismo é un problema estrutural. O 40% atópanse nesta situación por problemas asociados á vivenda (desafiuzamentos, imposibilidade de continuar pagando o aloxamento, vivenda en ruínas) e o 27% perdeu o seu traballo.

Como sinala o texto do Acordo Marco, a vivenda non só é a principal necesidade das persoas sen fogar, senón que é a porta de acceso efectiva a outros dereitos fundamentais (saúde, autodeterminación, seguridade...), á vez que un lugar seguro que protexe da violencia e os delitos de odio que máis da metade das persoas sen fogar sofren de forma cotiá.

Organizacións sociais, entidades públicas e privadas, autonomías e goberno do estado concordan en que o acceso a vivenda é unha das claves para atopar solucións ao senfogarismo. Pero ese consenso choca cunha realidade que parece empeñada en ir no sentido contrario: cada vez é máis difícil acceder a unha vivenda digna. As promocións de vivenda social e pública son ridículas en comparación coas necesidades reais, os prezos do alugueiro están disparados e hai unha escaseza notable de pisos á venda mentres moitos especulan coa vivenda en propiedade, sobre todo, nos últimos tempos, mediante os chamados alugueiros turísticos. Cómpre engadir a todo isto unha inflación desbocada que está provocando incrementos masivos nos prezos de servizos básicos

(dende a alimentación ata a luz e a calefacción). De maneira que nos atopamos ante una situación paradoxal que revela as contradicións do sistema: por unha banda recoñécese a necesidade de promover vivendas públicas en réxime de aluguer social para facilitar o acceso a vivenda e loitar contra o senfogarismo; e polo lado contrario diríxense as miradas mediáticas e políticas á loita contra a okupación (unha consecuencia obvia das dificultades de acceso á vivenda), mentres se destinan recursos a todas luces insuficientes para evitar que os prezos dos pisos sigan a subir de forma desproporcionada.

Hai uns poucos anos un grupo de persoas sen fogar denunciaba cunha acampada ante o concello de Vigo a súa situación e reclamaban aloxamentos de longa estadía, ante as claras limitacións de espazo, tempo e recursos do albergue municipal. A resposta a esta acampada, que se prolongou tres anos, foi o silencio, cando non o desprezo. Pero a realidade é teimuda: en Vigo, máis de 30.000 veciños e veciñas, o 10,6% dos vigueses, sobreviven con menos de 7500 euros ao ano, segundo os datos do 2022 do Instituto Nacional de Estatística. Destes, case a metade (15.200, el 5,1% da poboación) nin sequera chegan aos 5.000 euros anuais. Moitos viven directamente da caridade doutras persoas para sobrevivir. Fronte a esta situación, nun contraste estarrecedor, hai uns días un xornal local titulaba: “Apenas 70 vivendas para alquilar en Vigo costan menos de 700 euros”. Como se pode vivir con dignidade nesta situación?

Non pedimos medidas excepcionais, axudas, facilidades... Pedimos, reclamamos, esiximos dereitos, dereitos recoñecidos e avalados na tan invocada Constitución, que no seu artigo 47 determina que: “Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”. Ler este texto hoxe, agora, provoca vergoña, impotencia, rabia. Quédanos o berro da denuncia, o xesto de saír á rúa, compartir a nosa indignación e reclamar xustiza. Porque nos negamos a aceptar ese reflexo dunha sociedade deshumanizada e cruel que atopamos cada vez que nos cruzamos con alguén rebuscando no lixo para sobrevivir, para malvivir, unha xornada máis.

Vémonos no próximo círculo de silencio. Grazas a todos e todas por asistir!